


CONVENIO Galicia aumentará un 6% a Rede Natura, onde se pretenden primar as actividades tradicionais

PROTECCIÓN PARA O 18 POR CENTO DO NOSO TERRITORIO

Lugares de importancia comunitaria (LIC)

- Carnota-M. Pindo 1
- Xubia-Castro 2
- C. H. Corrubedo 3
- Ancares-Courel 4
- Mariña Luguesa 5
- Negueira 6
- Cruzul-Agueira 7
- Canón co Sil 8
- V. de Ponteliñares 9
- S. Encina da Lastra 10
- Cabo Udra 11
- Río Tea 12
- Serra do Candán 13
- S. fluvial Ulla-Deza 14
- Sobreiras do Arnegado 15
- Lagoa de Sobrado 16
- M. Castelo-B. Rubia 17
- Chars do Barbanza 18
- Rega de Suapeña 19
- Fragas do Belelle 20
- Corr. fluvial do Avia 21
- Pena Corneira 22
- Río Doade-P. Marela 23
- Serra do Suido 24



Lugares de interese comunitario incluídos na Rede Natura 2000

O PPdeG CHÁMALLE "PARALIZADORA" Á XUNTA POR BOTAR ATRÁS OS PROXECTOS ACUÍCOLAS E EÓLICOS

Efe • Santiago

A Rede Natura galega pasará a protexer o 18% do noso territorio fronte ó 12% que alberga ata o momento, e contará cun plan director que fará compatible a preservación destes espazos naturais coas actividades agrícolas, gandeiras ou pesqueiras dos habitantes destas zonas. Así o explicou onte o conselleiro de Medio Ambiente, Manuel Vázquez, que compareceu no Parlamento para explicar o plan director de conservación dos recursos naturais de Galicia, que se atopa en fase de elaboración e prevé esta elaboración antes de fin de ano, en paralelo coa ampliación da Rede Natura.

Manuel Vázquez indicou que un dos aspectos principais do plan de Medio Ambiente é garantir o mantemento das actividades tradicionais nestes espazos e "harmonizarlos" coa protección ambiental, de forma que "non se faga a vida imposible para a xente". Deste xeito, insistiu en que é preciso concienciar os veciños para que vexan os aspectos positivos das zonas protexidas. En todo

caso, quixo diferenciar esta vontade do Goberno da postura do PPdeG cando se atopaba no Goberno e, en resposta ó popular Jaime Castiñeira. O deputado popular reclamou ó Goberno a paralización de proxectos eólicos ou piscifactorías e chamoulle conselleiro "paralizador", ó que Vázquez lle replicou que se sente orgulloso de frear "cacicadas do PP". "Nin vostede nin o PP entenderon nunca o significado da Rede Natura", díxolle Vázquez, que indicou que a pesar de que os populares tomaron medidas de pro

O DATO

Diferenciar cinco tipos de espazos

Manuel Vázquez insistiu en que o plan director establecerá cinco tipos de espazos en función dos seus valores naturais, os obxectivos de participación ou os usos do territorio. Igualmente, a futura normativa que está elaborando o departamento de Medio Ambiente delimitará que usos están prohibidos, cales se van autorizar excepcionalmente mediante a avaliación de impacto ambiental, os usos regulados conforme a normativa sectorial, así como os usos permitidos.

tección "sobre o papel" logo incumpríuse "de facto" e instaláronse en zonas Natura desde piscifactorías a "cementeiros, polígonos industriais ou prazas maiores".

Estamos á cola despois de Melilla

Manuel Vázquez sinalou que actualmente a rede inclúe 59 lugares de interese comunitario, máis de 335.000 hectáreas, e outras 14 de especial protección de aves, unhas 72.000, declaradas polo anterior Goberno pero, en opinión do conselleiro, non se dotaron de regulación nin normativa ningunha. Manifestou que cando se amplie a rede "se chegará ás 520.000 hectáreas e haberá das actuais 73 zonas, preto de cen. Esta ampliación, apuntou Vázquez, facíase necesaria porque Galicia é a Comunidade, tras Melilla, que ten menos territorio baixo esta forma de protección. De feito, Cataluña ten en Rede Natura o 29 por cento do seu territorio; un 39 Madrid ou un 27 Asturias.

Tamén se trata de darles seguridade ós empresarios e promotores públicos e privados sobre cales son as zonas de exclusión para as distintas actividades e igualmente, fomentarase o coñecemento, o uso público e o turismo de natureza, á vez que se potenciarán estes territorios con actividades alternativas, dixo, de desenvolvemento ecolóxico. ●



Fernández Moreda, esquerda, Rubio e Rodríguez onte na Coruña

CONVENIO Rubio cifra en máis de 63 millóns de € os investimentos realizados grazas á alianza coa Deputación, que preside Moreda

Pulos ó gran plan de Sanidade para a provincia coruñesa

A conselleira de Sanidade, María José Rubio, cifrou en máis de 63 millóns de euros o investimento previsto polo Sergas na actualidade nos distintos centros de Atención Primaria e especializada da provincia da Coruña. Deses cartos, 36,5 millóns corresponden con investimentos executados en 24 concellos da provincia, e engádense 26,6 nas contas deste ano.

Parte destes investimentos é froito do acordo alcanzado coa

Deputación da Coruña que preside Fernández Moreda, e que puxo fin ó contencioso entre as dúas administracións pola transferencia do Hospital de Conxo.

Na comparecencia, Rubio afirmou que a decisión de convocar a Oferta Pública de Emprego "é firme" porque a Xunta quere darlle o sistema "a garantía de ter OPE cada dous anos" e "de xeito transparente" e dixo que "atrasar" a convocatoria de 2006 "non garante non ter conflito". ● REDACCIÓN

TREN O alcalde pídelle paciencia ós veciños polas obras ferroviarias na zona para a seguridade

Valga poderá ter paso elevado xa no mes de decembro

Os técnicos do Concello pontevedrés de Valga indican que a ponte elevada que debe de construír o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF) no lugar de Campaña, pode estar terminada no mes de decembro.

O alcalde, José María Bello Maneiro, mantivo un encontro cos técnicos, que garanten que tecnicamente é posible habilitar un paso elevado nese tempo.

Bello Maneiro transmitiulle a opinión dos técnicos municipais ó presidente de ADIF, que vai reunirse cos enxeñeiros para darlle unha resposta. "Redactar o proxecto, licitar as obras e executar leva un tempo que os técnicos tiveron en conta, hoxe pódese recorrer ás pontes prefabricadas, no Salnés hai unha punteira en Es-

paña e non debe de haber problemas", sinalou o alcalde popular.

O alcalde de Valga apelou tamén á "colaboración" dos veciños ante as necesidades que supoñerán as obras previstas.

Os veciños decidiron suspender as mobilizacións de protesta convocadas nos últimos días contra o paso de Campaña, tras o compromiso adquirido neste sentido polo administrador de infraestruturas ferroviarias. Segundo explicaron os portavoces do colectivo, Adif aseguroulle ó rexedor que a final de ano "estarán executadas todas as obras" e, por iso, acordaron "dar unha marxe de confianza e permitir que se executen as obras", que implican a expropiación de predios. ● AGENCIAS